

# Boletín Enero 2014

## APE Galicia

### Axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas

#### Contido:

Axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas	1
Axudas ás pemes para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental	2
Axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo	3
Axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor)	4
Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia	5
Axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia	5
Axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración	6

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 20 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora da competitividade das explotacións leiteiras galegas, a través da redución dos custos de produción, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2014.

**Obxecto e beneficiarios :** A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2014 da axuda en réxime de concorrencia competitiva á mellora da competitividade das explotacións leiteiras, a través da redución dos custos de produción.

Poderán ser beneficiarias **as persoas titulares de explotacións de vacún de leite** que cumpran os requisitos recollidos na orde.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 7 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140107/AnuncioG0165-231213-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140107/AnuncioG0165-231213-0004_gl.html)



#### APE Galicia

Plaza de España nº1, 1º  
oficina 1  
36002 Pontevedra  
Teléfono: 986891657  
Móvil: 663 881 047  
E-mail: info@apegalicia.es



**A x u d a s   á s   p e m e s   p a r a   o  
f i n a n c i a m e n t o   d e   a c t u a c i ó n s  
d e s t i n a d a s   á   p r e v e n c i ó n ,   p r o t e c c i ó n ,  
m e l l o r a   e   c o ñ e c e m e n t o   a m b i e n t a l**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

ORDE do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás pemes para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria para o ano 2014.

**Obxecto e beneficiarios:**

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, polo procedemento de concorrencia competitiva, e facer pública para o ano 2014, a convocatoria de subvencións para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental.

Con carácter xeral, poderán ser beneficiarios das subvencións que se regulan na presente orde **as pequenas e medianas empresas (pemes)** que, cumprindo o establecido neste artigo, teñan o seu domicilio social ou



algún dos seus centros no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e sexa neste mesmo ámbito territorial onde desenvolvan ou materialicen o proxecto ou actuación obxecto da subvención.

**Prazo:** O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 20 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140120/AnuncioCA02-130114-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140120/AnuncioCA02-130114-0001_gl.html)

# A xudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan para o ano 2014 as axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento de instalacións e equipamentos agrarios en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

**Obxecto e finalidade:** Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2014 as seguintes liñas de axuda en réxime de concorrencia competitiva:

- Plans de mellora nas explotacións agrarias.
- Primeira instalación de agricultores/as mozos ou mozas.
- Fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo.

As ditas liñas de axuda están establecidas na Orde do 13 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria, e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Estas axudas teñen como finalidade:

- Incrementar a competitividade e o rendemento global das explotacións mediante a súa modernización.
- Asegurar a competitividade e a continuidade do tecido agrario.
- A mellora dos procesos produtivos das entidades asociativas agrarias.

As solicitudes destas axudas tramitaranse de acordo coa presente orde e coas bases reguladoras da Orde do 13 de xuño de 2013.

**Beneficiarios:** Poderán ser beneficiarias **as persoas titulares de explotacións agrarias e as cooperativas agrarias**, as súas unións e as cooperativas de explotación comunitaria da terra, para as axudas establecidas no artigo 1, parágrafo 1.c), que en todos os casos teñan por obxecto prioritario levar a cabo actuacións na produción primaria.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 22 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140122/AnuncioG0165-140114-0012\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140122/AnuncioG0165-140114-0012_gl.html)



# A x u d a s   p a r a   c o n s t i t u í r   e   i n i c i a r   a a c t i v i d a d e   d e   s o c i e d a d e s   d e f o m e n t o   f o r e s t a l   ( S o f o r )

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) para o ano 2014.

**Obxecto:** Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2014 as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) mediante convocatoria aberta en réxime de concorrencia competitiva.

As bases reguladoras desta convocatoria son as contidas na Orde do 2 de xullo de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) e se convocan para o ano 2013.

**Solicitantes e beneficiarios:** As agrupacións de persoas propietarias forestais constituídas formalmente e inscritas no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Galicia.

**Outras entidades xurídicas de dereito privado que agrupen persoas propietarias forestais** cunha finalidade de xestionar e comercializar en común os recursos forestais dos terreos que xestionen, inscritas segundo a lexislación sectorial que lle sexa de aplicación.

**As Sofor con inscrición previa no rexistro (RSofor)** para conseguir a súa inscrición definitiva, sempre e cando non obtivesen subvención para a súa inscrición previa.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 31 de xullo de 2014. **REMATA O 22 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140122/AnuncioG0165-140114-0011\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140122/AnuncioG0165-140114-0011_gl.html)



**S u b v e n c i ó n s   á s   a s o c i a c i ó n s   d e  
c o m e r c i a n t e s   s e n   f i n s   d e   l u c r o ,  
p a r a   a   d i n a m i z a c i ó n   d o s   c e n t r o s  
c o m e r c i a i s   a b e r t o s   e   p r a z a s   d e  
a b a s t o s   d e   G a l i c i a**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ORDE do 14 de xaneiro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia e se procede á súa convocatoria (IN219A).

**Beneficiarios:** As asociacións de vendedores das prazas de abastos, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia.

**As agrupacións de persoas físicas e xurídicas**, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica.

**As asociacións de comerciantes de carácter territorial**, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia que leven a cabo proxectos de interese e transcendencia en centros comerciais abertos.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 24 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140123/AnuncioCA04-160114-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140123/AnuncioCA04-160114-0002_gl.html)

**A x u d a s   a   p r o x e c t o s   c o l e c t i v o s   d e  
a c o n d i c i o n a m e n t o   m a r i ñ o   e  
r e x e n e r a c i ó n**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ORDE do 30 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2014, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración, financiados polo FEP, que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan de forma sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños vivos.

**Beneficiarios:** Poderán ser beneficiarias das subvencións **as entidades do sector pesqueiro**, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e teñan a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. **REMATA O 24 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140123/AnuncioG0165-150114-0014\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140123/AnuncioG0165-150114-0014_gl.html)

# A x u d a s   a   p r o x e c t o s   c o l e c t i v o s   d e a c o n d i c i o n a m e n t o   m a r i ñ o   e r e x e n e r a c i ó n

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 30 de decembro de 2013 pola que se convocan para o ano 2014 as axudas para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo en Galicia cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

**Beneficiarios:** a) **As cooperativas agrarias** que teñan como obxecto social prioritario a adquisición e a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, denominadas convencionalmente cooperativas de utilización de maquinaria agrícola, en diante CUMA, sociedades agrarias de transformación, en diante SAT, que teñen como obxecto social prioritario a utilización de maquinaria de carácter agropecuario en común, e as cooperativas agrarias con sección específica de maquinaria agrícola segundo o artigo 9 da Lei 5/1998, do 18 de decembro (DOG nº 251, do 30 de decembro) de cooperativas de Galicia, así como outras agrupacións con personalidade xurídica propia, e soamente para investimentos directamente relacionados coa súa actividade as comunidades de regantes, asociacións de viticultores en terreos con pendentes superiores ao 15 % e asociacións de faba e castaña.

b) **O resto das cooperativas agrarias que adquiran maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario para prestaren servizos aos seus socios.**

c) **As cooperativas de explotación comunitaria da terra** e as SAT procedentes da fusión de, polo menos, dúas explotacións, nos 5 anos posteriores á súa constitución.

**Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. **REMATA O 24 DE FEBREIRO DE 2014.**

**Enlace:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140124/AnuncioG0165-160114-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140124/AnuncioG0165-160114-0004_gl.html)



### APE GALICIA

Asociación Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia

Praza España Nº1 Andar 1º Esq. Oficina 1ª  
36002 Pontevedra

E-mail: [info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

